

*Pola presente INFÓRMASE que, en relación có procedemento aberto para a contratación polo Consorcio Casco Vello de Vigo, de obras de rehabilitación en edificios das rúas Ferrería 11,13,17, 19 e San Sebastián 1,3,5,7 en Vigo, o Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo, como órgano de contratación do referido procedemento, en sesión celebrada o día 13 de decembro, adoptou, o acordo seguinte:*

IPrimeiro:

Declarar NON ADMITIDA a empresa [Construcciones Laureano Covelo, S.A.] por non contar coa clasificación esixida.  
Declarar ADMITIDAS as outras oito empresas presentadas:

1- Decoración, instalaciones y Construcciones, S.A. Unipersonal. (DICSA), 2-Tuconsa, 3-Dragados, 4-UTE Agrupconsa, S.L.-Movexvial, S.L., 5-Diconsa, Diseño y Construcción, S.A., 6-Varela Villamor, S.L., 7-UTE : Ctnes. Aldasa S.L.U- Sant Martín S.A., 8-COPCISA, S.A.

Segundo:

Visto o informe da Abogacía do Estado e o da secretaria de mesa de contratación emitidos para o análise do escrito presentado por DICSA, a Mesa propón ao órgano de contratación a non estimación polas causas que nos referidos informes se indican. En consecuencia, propón valorar a proposta de Diconsa nos seus propios termos, entendendo que asume o compromiso de adicar un 4% do tipo ao control de calidade, non debendo valorarse no proceso de adjudicación a oferta porcentual excedente do 3%.

Quedan puntuados definitivamente os sobre nº 3 do xeito seguinte: 1- Decoración, instalaciones y Construcciones, S.A. Unipersonal. (DICSA), 56 puntos. 2-Tuconsa, 49 puntos 3-Dragados, 50,5 puntos. 4-UTE Agrupconsa, S.L.-Movexvial, S.L., 54,83 puntos. 5-Diconsa, Diseño y Construcción, S.A., 65 puntos. 6-Varela Villamor, S.L., 55 puntos. 7-UTE : Ctnes. Aldasa S.L.U- Sant Martín S.A., 50 puntos. 8-COPCISA, S.A., 49,75 puntos.

Do informe dos servizos técnicos resultan as puntuacións totais seguintes en orde decrecente ( Sumatorio dos sobre 2 e dos sobre 3 ) :

1.- Diconsa, Diseño y Construcción, S.A., 97 puntos.

2.- Decoración, instalaciones y Construcciones, S.A. Unipersonal. (DICSA), 89 puntos.

3.- Varela Villamor, S.L., 87,5 puntos.

4.- Dragados, 83 puntos.

5-UTE Agrupconsa, S.L.-Movexvial, S.L., 76,33 puntos.

6-UTE : Ctnes. Aldasa S.L.U- Sant Martín S.A., 76 puntos.

7.-COPCISA, S.A. 72,25 puntos.

8.- Tuconsa, 64,5 puntos.

Constátase que a oferta que obtivo unha maior puntuación foi DICONSA cun total de 97 puntos, tal e como se reflicte no referido informe que recolle as puntuacións parciais e totais por orden decrecente.

Terceiro:

En consecuencia co anterior, declarase a oferta mais vantaxosa para ser adjudicataria das obras do rehabilitación de FERRERIA 11-13-17-19 E SAN SEBASTIAN 3-5-7 a presentada pola empresa "DICONSA".

As características da oferta son as seguintes:

Prezo: UN MILLÓN CENTO OITENTA E TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E SETE CON CINCOENTA E CATRO EUROS (1.183.437,54), a esta cantidad corresponde un IVE do 8% o que supón un importe de noventa e catro mil seiscentos setenta e cinco euros (94.675,00). A presente oferta, supón unha baixa do 8% do tipo de licitación .

Prazo de execución : Once meses ( 11 MESES ) .

Prazo de garantía: Cento corenta e catro meses (144 meses) .

Plan de mantemento con presenza física, 120 meses.

Plan de mantemento integral, 120 meses.

Control de calidade, 4%

As razóns da selección anteriormente referida non son outras que o feito de ser a empresa que obtivo a mellor puntuación, tal e como se reflicte no cadro que se xunta e do que se dará traslado aos restantes licitadores .

A presidenta do Consorcio, por delegación do Consello de Administración de data 30 de setembro de 2010, requiriu á empresa que obtivo maior puntuación, DICONSA, para que dentro do prazo de 10 días hábiles contados dende o seguinte a aquél en houbera recibido o requerimento ( 24-11-10), presentase a documentación á que se refire o artigo 135.2 da lei de contratos do sector público. Pola secretaria do Consorcio emitíuse certificación acreditando a presentación da documentación riquerida, en tempo e forma.

De conformidade co exposto o Comité Executivo do Consorcio Casco Vello de Vigo, como órgano de contratación, adopta por unanimidade dos seus membros, o acordo seguinte:

Declarar como adjudicataria das obras de restrukturación de Ferrería 11-13-17-19 e San Sebastián 3-5-7 a Diseño y construcción S.A ( DICONSA ) con CIF:A15246184 e endereço na rúa Restollar, 35 baixo, 15702 Santiago de Compostela, por sela súa, a oferta mais vantaxosa para o Consorcio Casco Vello de Vigo coas características da oferta efectuada, esto é

Prezo: UN MILLÓN CENTO OITENTA E TRES MIL CATROCENTOS TRINTA E SETE CON CINCOENTA E CATRO EUROS (1.183.437,54), a esta cantidad corresponde un IVE do 8% o que supón un importe de noventa e catro mil seiscentos setenta e cinco euros (94.675,00). A presente oferta, supón unha baixa do 8% do tipo de licitación .

Prazo de execución : Once meses ( 11 MESES ) .

Prazo de garantía: Cento corenta e catro meses (144 meses) .

Plan de mantemento con presenza física, 120 meses.

Plan de mantemento integral, 120 meses.

Control de calidade, 4%

Destes acordos darase traslado a todos os licitadores e publicarase no perfil do contratante, debéndose formalizar o contrato no prazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel no que se reciba a notificación. ☐

O que se FAI PÚBLICO segundo se dispón no artigo 3 da Lei de Contratos do Sector Público, significando que o presente acordo pon fin á vía administrativa, e contra o mesmo caberá recurso contencioso administrativo conforme ao previsto na lei reguladora de dita xurisdicción, sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer recurso potestativo de reposición, de conformidde co disposto no artigo 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

En Vigo, 23 de decembro de 2010. A secretaria do Órgano de Contratación,Marta M<sup>a</sup> Riobó Ibáñez.